

## Día Mundial de Internet 2008

CONCURSO PARA A ELECCIÓN DA MASCOTA DA AULA DE DINAMIZACIÓN DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN DE CASTRELO DE MIÑO.

### NAVEGA POLOS RÍOS DIXITAIS CA ANGUÍA DE CASTRELO DE MIÑO

A Rede de Dinamización da Sociedade da Información, coa colaboración do Concello de Castrelo de Miño promove esta iniciativa co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, que coincide tamén co Día Mundial de Internet, e convida a tódolos nenos entre 5 e 14 anos do concello a participar nesta actividade para dotar a aula dunha mascota.

#### QUE É?

Un concurso de debuxo para dotar a Aula de Dinamización da SI de Castrelo de Miño de mascota, empregando como temática unha anguía, xa que é esta protagonista da festa e cultura popular do concello.

#### PARA QUEN?

O concurso está dirixido a tódolos nenos de 5 a 14 anos do concello.

#### COMO PARTICIPAR?

Para participar no concurso, os rapaces terán que facer uso das instalacións da Aula, así pois, non se aceptarán debuxos feitos fora da mesma; empregando os equipos e os programas de debuxo e retoque gráfico instalados nos equipos con sistema operativo Ubuntu, e polo tanto empregando Software Libre.

Para a elaboración dos debuxos, os nenos poden contar coa colaboración dos pais, dun adulto ou mesmo da dinamizadora da Aula, que resolverá as cuestións técnicas.

Para participar o menor terá que estar inscrito como usuario da Aula, ou ben pode facelo no momento que decida participar ou achegarse por primeira vez a Aula; os menores de dez anos deberán ter un permiso dos pais para inscribirse.

Os debuxos serán realizados durante o seguinte horario:

Do 12 ao 22 de maio, de luns a venres en horario de 16:00 a 18:00 horas.

Realizado o debuxo, será a dinamizadora quen axuste o formato do mesmo, do seu arquivo e da súa impresión.

Os debuxos estarán expostos na Aula da Rede de Dinamización, en papel e serán publicados na web do concello, baixo un nº de usuario.

#### COMO SE SELECCIONA A MASCOTA PREMIADA?

O 30 de maio coñeceráse o gañador, que sairá publicado na web do concello.

O xurado estará composto por catro membros do concello e terase en conta a orixinalidade da mascota e a visualidade da mesma.

O xurado fará a elección da mascota, sen coñecer o autor do debuxo da mesma. O debuxo identificarase co nº de usuario, e trala elección da mascota, será a dinamizadora a quen desvele o datos do menor do debuxo premiado.

En ningún momento a dinamizadora intervirá na elección do xurado e comprométese a agochar os datos dos menores participantes

#### CAL É O PREMIO?

O premio para o neno que debuxe a a mascota gañadora, será dun ordenador portátil, e para os dous nenos, cujos debuxos queden como finalistas, otorgaráselle un mp3 de premio.



# LETRAS GALEGAS 2008

## Día Mundial de Internet 2008

### Concurso

### OLLAR CASTRELO

### Album fotográfico do Concello de Castrelo de Miño

A Rede de Dinamización da Sociedade da Información, coa colaboración do Concello de Castrelo de Miño promove esta iniciativa co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, que coincide tamén co Día Mundial de Internet, e convida a tódolos veciños do concello e toda persoa que conteña imaxes do mesmo a elaborar un álbum fotográfico de Castrelo de Miño.

A través desta iniciativa pretendemos unificar o uso das novas tecnoloxías co emprego e fomento do idioma galego e ao mesmo tempo dar a coñecer e aumentar a presenza do concello na internet, través de imaxes realizadas polos cidadáns, que serán expostas na web do Concello: [www.castrelo.org](http://www.castrelo.org)

### QUE É?

A web do Concello de Castrelo de Miño, contén unha páxina onde se poden ver unhas imaxes do concello, e dende a creación da web, é un dos espazos máis vistos da web, a pesar do seu escaso contido ata o momento, polo que dende a Aula de Dinamización da Sociedade da Información, convidámote a amosar a todos os navegantes de Internet, as diferentes imaxes de Castrelo de Miño.

### COMO PARTICIPAR NESTA INICIATIVA?

Se posúes fotografías de Castrelo de Miño, parroquias e arredores, que desexas ensinar na web, tanto en formato dixital como en papel, actual ou antiga.

Podes participar no concurso cunha única imaxe!

Fai chegar as túas fotos en persoa, visita a nosa Aula, ou ben podes achegar as imaxes e os teus comentarios, a través do correo electrónico: [ollar@castrelo.org](mailto:ollar@castrelo.org), e non esquezades:

de deixar constancia do voso nome, apelidos, nº de teléfono, e engadir un título á cada fotografía, así como o comentario que consideredes.

O prazo máximo para a recepción de imaxes é o 27 de maio.

Aviso para blogueiros de Galiza: se tes un blo, no que colgaches algunha vez fotos de Castrelo de Miño, estaríamos encantados de que participases nesta iniciativa achegandonos dita imaxe, e ademáis agregaríamos o enlace do teu blo ou web a [www.castrelo.org](http://www.castrelo.org).

### COMO SE SELECCIONA A FOTOGRAFÍA PREMIADA?

O 30 de maio coñeceráse o gañador, que sairá publicado na web do concello.

O xurado estará composto por catro membros do concello e teráse en conta a beleza da imaxe, así como criterios de orixinalidade e representatividade do concello.

O xurado fará a elección da fotografía sen ter coñecemento do autor da mesma, ou da persoa que a envía; tan so coñecera o nome da imaxe, e será a dinamizadora a persoa encargada de desvelar o autor da imaxe premiada.

En ningún momento a dinamizadora intervirá na elección do xurado e comprométese a agochar os datos dos participantes.

As fotos serán expostas na web, co título da fotografía, e o 30 de maio sairá publicada na web o nome do autor da a fotografía premiada, e de dous finalistas.

# LETRAS GALEGAS 2008

## Día Mundial de Internet 2008

Será a partir do 3 de xuño, cando tódalas fotografías presentadas ao concurso, teñan agragados os nomes dos autores e así deixar constancia na web das persoas participantes desta iniciativa e dos autores das imaxes que conformaran o album fotográfico de Castrelo de Miño.

### CAL É O PREMIO?

Para as dúas imaxes finalistas otorgaráselle unha memoria usb a cada un, e para a imaxe premiada, unha cámara dixital.

### Iniciativa

**O “TREN QUE NAVEGA” POLA BEIRA DO MIÑO, ME LEVA, ME LEVA...mapa de lugares interesantes polos que navegar na internet.**

A Rede de Dinamización da Sociedade da Información, coa colaboración do Concello de Castrelo de Miño promove esta iniciativa co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, que coincide tamén co Día Mundial de Internet.

A través desta iniciativa pretendemos elaborar un mapa ou directorio de enlaces interesantes en galego na internet e así facilitar o uso das novas tecnoloxías co emprego e fomento do idioma galego e ao mesmo tempo dar a coñecer unha morea de recursos que podemos atopar navegando e compartilos coa xente que empeza a navegar polos ríos dixitais.

### COMO PARTICIPAR?

Podes participar nesta iniciativa, ben ofrecendo enlaces que ti xa coñeces e te parecen moi interesantes e útis, ou ben, vistando a nosa Aula e coñecer o mapa que alí estamos a elaborar de direccións e recursos.

Proximamente tamén serán agregados temáticamente á web do concello: [www.castrelo.org](http://www.castrelo.org)

Podes enviar os teus enlaces a seguinte dirección:  
palmira.castrelodemino@dinamiza.sociedadedainformacion.eu